



EDUCACIÓN INFANTIL


Queridas familias, que tal estades? Esperamos que vaia todo ben. As profes de Infantil acordámonos moito dos nosos nenos e nenas e botámosvos moitísimo de menos. Pero pensade que un día máis de confinamento é un día menos que falta para volver a vernos.

Como xa está aí a Pascua, mandámosvos unhas ideas de manualidades moi sinxelas. Podedes facer as que máis vos gusten ou se adapten as vosas posibilidades.





Por outra banda, lembraredes que estábamos traballando no proxecto “VIAXE AO REINO DAS EMOCIÓNS”. Pois agora DRACO tamén queda na casa e bota moito de menos a DURCO e a súa amiga a ra.



Podedes facer un debuxo de DRACO no seu castelo e imaxínade que cousas pode facer para non aburrirse.

Coa axuda de mamá e papá podedes buscar no ordenador “VIAXE AO REINO DAS EMOCIÓNNS”. Aí atoparedes un extracto da guía e do conto que vos axudará a lembrar a súa historia, e tamén podedes escoitar a canción de DRACO e intentar memorizala.

Unha aperta e moito ánimo!!

Mónica e Marga.